

Matrícula en liña

Instrucións de axuda para as familias

CRA RAÍÑA ARAGONTA

36023418

Índice

Introdución	2
a) Aplicativo para a formalización de matrícula en liña	2
b) Prazos para a formalización da matrícula en liña	2
c) Alumnado destinatario da matrícula en liña.....	2
Procedemento de matrícula en liña para as familias.....	3
a) Inicio da matrícula en liña.....	4
b) Completar os datos de matrícula.....	4
c) Finalizar a formalización da matrícula en liña.....	6

1. Introducción

A matrícula en liña permite formalizar a matrícula sen desprazarse ao centro educativo. Esta modalidade convive coa tramitación presencial, polo que se pode elixir a modalidade que mellor se adapte ás necesidades de cada familia.

a) Aplicativo para a formalización de matrícula en liña

A matrícula en liña poderá realizarse desde un dispositivo móbil ou desde o ordenador a través do aplicativo [AdmisionAlumnado](https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado)- <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>.

O alumnado destinatario que estivo escolarizado no curso 2025/26 no sistema educativo galego recibirá unha ligazón de acceso directo ao aplicativo na aplicación **abalarMóbil**.

b) Prazos para a formalización da matrícula en liña

O aplicativo estará dispoñible para a formalización de matrícula **do 20 ao 30 de xuño**.

c) Alumnado destinatario da matrícula en liña

Poderá formalizar a matrícula en liña:


- Alumnado con praza asignada no procedemento de admisión ordinario para o curso 2026/27 que se incorpore ao sistema educativo (4º de educación infantil ou 1º de educación primaria).
- Alumnado con praza asignada no procedemento de admisión ordinario para o curso 2026/27 por cambio voluntario de centro.

No resto de casos de cambio de etapa ou curso en educación infantil e educación primaria, se non hai cambio de centro, non é necesario realizar ningunha xestión, xa que a matrícula se tramita de xeito automático.

1. Procedemento de matrícula en liña para as familias

A continuación, detállanse os pasos para realizar a matrícula en liña a través do aplicativo.

As persoas usuarias poden acceder ao aplicativo **AdmisionAlumnado**, tanto na súa versión para ordenador ou na súa versión para dispositivos móbiles, premendo no botón verde de inicio de sesión (situado na parte superior dereita da interface) ou no botón azul co texto **“Entrar Iniciando Sesión”**.



AdmisionAlumnado

Inicio

Sistema de reserva, admisión, e matrícula en centros educativos de Educación Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato

Solicitud de admisión
prazo pechado (do 1 ao 20 de marzo)

Normativas e manuais

Para presentar unha solicitude de admisión deberá seguir algunha das seguintes opcións:

- Cubrir a solicitude en liña e presentala asinada de xeito manual no centro:**
Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá seleccionar a opción de menú "Solicitudes > Admisión > Crear". Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios e premer o botón "Crear e confirmar". Poderá descargar a solicitude e o anexo II-bis que deberá presentar no centro. Tamén poderá imprimir o xustificante co código da solicitude.
- Cubrir a solicitude en liña e asinala na Sede Electrónica:**
Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder á aplicación *admisionalumnado* con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital. Para isto deberá premer na icona verde que se atopa arriba a dereita ou premer no botón seguinte:

Entrar Iniciando Sesión

A continuación deberá seleccionar a opción de menú "Solicitudes > Admisión > Crear". Deseguido aparecerá unha pantalla na que deberá cubrir os datos necesarios e premer o botón "Crear e confirmar". Posteriormente, poderá descargar a solicitude cuberta ou, premendo no botón "Presentación E Sinatura En Sede Electrónica", asinar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro sempre que o proceso de sinatura remate correctamente.

IMPORTANTE: Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, o anexo II-bis dixitalizado (COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR), última páxina da solicitude que pode visualizar e descargar nesta aplicación).

Para acceder, será necesario **autenticarse mediante certificado ou DNI dixital** (seleccionando a opción Entrar baixo *Ou entre con certificado dixital*) **ou autenticarse con Chave365 ou usuario corporativo (xunta.gal ou edu.xunta.gal)** seleccionando a opción correspondente no menú despregable (onde aparece por defecto o texto *Usuario de educación*).



ADMISIONALUMNADO

Identifíquese

Usuario de educación

Usuario de educación

Chave365

Usuario Xunta

Entrar

Ou entre con certificado dixital

Entrar

Contacto Axuda

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Servizo prestado polo Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Xunta de Galicia

Unha vez confirmada a identidade, na esquina superior dereita amósase un botón de cor vermella que permite pechar a sesión (saír do espazo persoal) en calquera momento e, á súa esquerda, o nome e apelidos da persoa usuaria autenticada.



a) Inicio da matrícula en liña

Para iniciar o procedemento de matrícula en liña existen dúas opcións:

- 1. Alumnado que participou no procedemento de admisión 2026/27 e ten praza asignada:** debe acceder ao menú **2.6 As miñas solicitudes** e premer no desplegable de opcións



elixindo **Matricular** para xerar a solicitude de matrícula.

- 2. Alumnado que non participou no procedemento de admisión 2026/27:** debe acceder á opción **2.4.1 Crear** (segundo a ruta: **2.4 Matrícula > 2.4.1 Crear**).

No apartado "**Observacións**" visualizarase información relativa á permanencia da alumna/o no centro. Os dous tipos de avisos que poden aparecer son:

- A alumna/o renunciou á súa permanencia.
- A alumna/o perdeu a súa permanencia.

A persoa usuaria deberá premer no botón **Matricular** para xerar a solicitude de matrícula.



b) Completar os datos de matrícula

Completaranse os seguintes datos:

- Datos da persoa solicitante e da persoa proxenitora ou acollidora, de ser o caso. De ser preciso, o enderezo pode actualizarse nesta sección.
- Datos da alumna/o.
- Centro docente e curso.
- Seleccionar entre Atención educativa ou ensinanzas relixiosas.

Documentación que se debe achegar:

Xunto cos datos anteriores, deberase achegar a seguinte documentación:

- ANEXO I: cuestionario sobre a lingua materna da alumna ou do alumno.
- ANEXO II: Abalar móbil. No que indicar os números de teléfono dos proxenitores que se empregarán na aplicación Abalar.
- ANEXO III: sobre o coñecemento das normas do centro educativo.

Estes documentos aparecen anexos a este documento e tamén están dispoñibles no apartado de "Admisión de alumnado" da páxina web do centro <https://www.edu.xunta.gal/centros/crarainaaragonta/node/5171>.

- 2 fotocopia da tarxeta sanitaria.
- 3 fotografías de carné.

(A fotocopia da tarxeta sanitaria e as fotografías deben entregarse na secretaría do centro)

A documentación achégase premendo no botón **Achegar Documento** (admítense arquivos en formato *pdf, png, gif, jpeg*, cun peso máximo de 5 MB por ficheiro).

Documentación que se achega			
Tipo documento	Arquivo	Data	Opcións
A partir de 3º ESO: xustificante pago do seguro obrigatorio	Achegar Documento		
Autorización para o uso de imaxes polo centro educativo actividades non docentes	Achegar Documento		

A obrigatoriedade de entregar un documento non impide que poida continuar coa tramitación da matrícula. Os documentos pendentes poderán achegarse, dentro do prazo establecido para a matrícula en liña, a través do propio aplicativo. Unha vez rematado o prazo, só poderán entregarse de forma presencial no centro.

c) Finalizar a formalización da matrícula en liña

Para finalizar a matrícula en liña, deberase premer no botón **Crear**. Tras este paso, o sistema amosará a pantalla de rexistro de matrícula. Na columna **Opcións** da listaxe, figurará un botón co texto "**Ver Solicitud De Matrícula**", que lle permitirá revisar e verificar toda a información introducida.

AdmisionAlumnado							USUARIO PROBAS
Rexistrar matrícula							Año académico de traballo: 2026/2027
Cod. Sol. Admisión/Reserva	Nome alumno/a	Centro	Curso solicita	Observacións	Estado	Opcións	
0361171283	Alumnado Apellido Segundo	15999999 - IES de Probas	4º Ensinanza secundaria obrigatoria		Presentada	Ver Solicitud De Matrícula	

Un **xustificante de matrícula** en formato PDF pódese obter de dous xeitos:

- De xeito inmediato (recomendado):** na mesma pantalla de rexistro de matrícula, xusto ao finalizar o proceso, pódese premer directamente no botón **Ver Solicitud de Matrícula**.
- A posteriori:** se non se descargou no seu momento, poderase obter máis adiante accedendo ao menú **2.6 As miñas solicitudes**. Unha vez aí, existen dúas vías:
 - Premer no botón **Rexistrar matrícula** e seguir as indicacións do punto anterior.
 - Ir directamente á columna **Opcións** e seleccionar **Ver Solicitud de Matrícula**.

En ambos os dous casos, unha vez se estea visualizando a solicitude, deberase premer no botón **Xerar Informe** (situado ao final da pantalla). O sistema creará o documento PDF, ao que se poderá acceder visitando o **Buzón de Informes**.



Anexos



ANEXO I

CUESTIONARIO PARA AS FAMILIAS DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Don/Dona.....como pai, nai ou titor ou titora legal do
alumno/aresponde a seguinte cuestión:

Cal é a lingua materna do seu fillo ou filla? (rodear unha soa opción)

Galego

Castelán

Asdo:.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos no presente formulario, incluídos, de ser o caso, os relativos á saúde do alumno/a serán tratados, na súa condición de responsable, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo o exercicio das funcións educativas ou orientadoras e da adecuada prestación de servizos ofrecidos polo centro educativo. A base lexitimadora para o tratamento destes datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada no disposto na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Non se prevén comunicacións de datos a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en [https:// www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos](https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). Información adicional e contacto co/a delegado/a de protección de datos en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



**ANEXO II
ABALAR MÓBIL**

Co fin de poder axilizar os trámites de emprego da aplicación ABALAR MÓBIL, pregamos que faciliten o número de teléfono de cada un dos proxenitores para proceder a súa grabación na base de datos.

Nº TELÉFONO PROXENITOR 1	
Nº TELÉFONO PROXENITOR 2	

Asdo:.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos no presente formulario, incluídos, de ser o caso, os relativos á saúde do alumno/a serán tratados, na súa condición de responsable, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo o exercicio das funcións educativas ou orientadoras e da adecuada prestación de servizos ofrecidos polo centro educativo. A base lexitimadora para o tratamento destes datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada no disposto na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Non se prevén comunicacións de datos a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en [https:// www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos](https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). Información adicional e contacto co/a delegado/a de protección de datos en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.



ANEXO III

Don/Dona..... con DNI: e como pai, nai
ou titor ou titora legal do alumno/a (rodear o que proceda)

..... manifesto que:

- Coñezo e comprendo as normas de organización e funcionamento do centro así coma as normas de convivencia.
- Son plenamente consciente que a matrícula do/a meu/miña fillo/a no centro implica a aceptación das citadas normas así como a asistencia ao centro sempre que non haxa causa xustificada para a ausencia do/a neno/a.
- Informarei ao centro de calquera circunstancia que afecte ao desenvolvemento do/a meu/miña fillo/a e que garde relación co proceso educativo do/a alumno/a.

Así mesmo tamén informo que, de ser o caso, o/a outro/a proxenitor/a foi correctamente informado dos puntos anteriores.

Asdo:.....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais recollidos no presente formulario, incluídos, de ser o caso, os relativos á saúde do alumno/a serán tratados, na súa condición de responsable, pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo o exercicio das funcións educativas ou orientadoras e da adecuada prestación de servizos ofrecidos polo centro educativo. A base lexitimadora para o tratamento destes datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada no disposto na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. Non se prevén comunicacións de datos a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en [https:// www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos](https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). Información adicional e contacto co/a delegado/a de protección de datos en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.